

Instrucións de matrícula

O alumno/a deberá presentar, segundo a súa condición, a documentación seguinte:

BONIFICACIÓNS E EXENCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS

A) *FAMILIA NUMEROSA* (decreto 89/2013 artigo 7.3):

- Fotocopia título de familia numerosa orixinal actualizado.
- **Exención do 100%** para familias numerosas clasificadas na categoría especial (antes F.N. 2ª)
- **Bonificación do 50%** para familias numerosas clasificadas na categoría xeral. (antes F.N. 1ª)
- O alumnado con algunha **matrícula de honra**, descontará do concepto Matrícula o importe de materia solta (tantas veces como matrículas teña) (**Só para grao profesional**).

B) *MATRÍCULA GRATUITA*:

- **Discapacidade** (decreto 89/2013 artigo 7.4) O grado de discapacidade será igual o maior ao 33%. Xuntarse fotocopia da resolución sobre o recoñecemento do grado da discapacidade ditada polo órgano competente.
- **Vítimas de actos terroristas** (decreto 89/2013 artigo 7.5) Vítimas de actos terroristas, así como os/as seus/súas cónxuxes e fillos/as. Fotocopia da acreditación da condición.
- **Violencia de xénero** (decreto 89/2013 artigo 7.6) Alumnas que sufran violencia de xénero e o alumnado cuxas proxenitoras tamén o sufran. Fotocopia da acreditación da situación.
- **Os/as funcionarios/as** (decreto 89/2013 artigo 7.7) dos corpos docentes establecidos na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estarán exentos/as do aboamento dos prezos públicos establecidos no presente decreto (deberán estar en activo), agás os correspondentes á apertura de expediente e servizos xerais, e unicamente nas materias de nova matriculación. Acreditarase dita condición con certificación orixinal do órgano competente. (**non se contempla a matrícula gratuita aos/ás fillos/as de funcionarios/as**).
- **Os Beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo (Só para grao profesional)**, marcarán a opción **Beca** no sobre de matrícula. (**Quedarán pendente o pago até a resolución de concesión ou denegación**, no caso de denegación deberán pasar pola secretaría do centro para recoller o impreso de taxas para aboar a matrícula do curso).

TÁBOA DE TAXAS PARA O CURSO

CONCEPTO	GRAO ELEMENTAL	GRAO PROFESIONAL
Servizos Xerais (non fraccionable)	13€	13€
Matrícula (fraccionable en dous prazos)	137€	232€
IMPORTE TOTAL DA MATRÍCULA (alumnos/as xa matriculados/as en anos anteriores)	150€	245€

Apertura de expediente (non fraccionable) (aboarase só se non ten aberto expediente neste Conservatorio)	22€	22€
IMPORTE TOTAL DA MATRÍCULA (alumnos/as que se matriculen por primeira vez)	172€	267€
Matrícula de materia solta (non fraccionable) (PARA ALUMNOS/AS CON MATERIAS PENDENTES)	34€	51€
Validación de disciplinas soltas (non fraccionable)	6€	6€

No caso de optar polo pagamento fraccionado da matrícula, o segundo prazo farase obrigatoriamente por domiciliación bancaria, co que se deberá cubrir e asinar un documento de pagamento fraccionado, no momento da matrícula, no que se nos facilitará o número de conta (IBAN) para o cargo no transcurso do mes de xaneiro.

Os datos persoais só se poñerán no caso de modificación dos mesmos.

No transcurso do ano será obrigatoria a comunicación de calquera dato que cambie e sobre todo do correo electrónico.